



1917

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, o mes. 40 cts.

Fora, » 50 »

Coste d'un número 10 »

América 2 pts. trimestre

Número 10

= Redacción =

e. administración:

CANTÓN GRANDE

= 16, BAIXO =

A CRUÑA

16 FEBREIRO

BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia o nas colonias gallegas d'América e Portugal

FERROL-CRUÑA

UNHA NOVA XORNADA GALLEGUISTA

O ENXEBRISMO TRAGUERANOS O PROGRESO E A LIBERTÁ

UN MANIFESTO DOS FERROLAS

O domingo 11 de febreiro a "Hirmandade da Fala" cruñesa celebrou no Ferrol un novo auto galleguista, dino de se rexistrare. Foi tan solene e de tanta trascendencia coma o de Lugo.

Os bos enxebres ferroláns emprestaron todo o seu apoio, facendo un patriótico esforzo pra que a propaganda dese froito.

Eles espallaron polo Ferrol unhas follas imprentadas que dician o seguinte:

"O día 11, domingo, no "Salón Amboage", hora das doce, darase un mitin de rexionalismo gallego.

De Viveiro, Vilalba, Pontedeume e da Cruña virán mestres na nosa política e da nosa fala a perdicar a nova que hoxe conta con homes coma Cabeza León, Miguel Gil Casares, Porteiro, Tettamancy, Carré, Rodrigo Sanz, Ribalta, Banet Fontenla, Lúgris Freire, López Abente, Peña Novo, Baldomir, Cabanillas, Villar Ponte e cento mais que sendo nosa intelectualidade, sinten ánseas de lle dar a España unha Galicia redemida, estudiosa, forte e capacitada pra loitar no terreo da Cencia, da Literatura e das Artes, atendendo os problemas sociás, económicos e todos os que no mundo culto e ilustrado e impónense pra solucionar o benestar da Humanidade.

Nin humildá, nin queixas, nin vágoas, nin sospiros atoparedes en nosco. E a gaita, os aturuxos, a monteira e os alalás... todo o ben que queremos coma mostras do espírito e das costumes de nosa raza, será sempre rexeiro da nosa y-alma e deixáremolo pra que o canten nosos bardos.

Nosos hirmáns de América danlle a Galicia

escolas; nosco lle daremos canto temos no cerebro, no corazón e nos músculos, pra facela de xeito que de Quereño pr'aló non pase o que hoxe: que decir "gallego" e o mesmo que nomear canto hay mais aldraxante, ruin e baixo.

Nos falarán e falaremos en gallego xa que de cousas de Galicia tratarase no mitin, e xa que, gracias a Dios damos por elo, a nosa fala e a que mellor entenden n'as cinco sextas partes da rexión gallega y-en parte non pequena das Américas.

¡Ferrolás! axudádenos a erguer nosa Galicia, hoxe polo chao en mans de quenenes convertirona en osos n-os que veñen roendo fai tempo cás cativos que temos de facer que fuxan pra sempre e deixen a nosa nai coitada por seus mais enxebres, bos e intelixentes fillos.

No tren das doce e media do domingo chegarán nosos hirmáns. Pregamos a todos cantos teñan amor a Galicia acudan a agardalos, e logo a oílos no mitin.

No Ferrol, 7 de febreiro de 1917."

CHEGADA DOS CRUÑESES A FERROL

Da Cruña foron ó Ferrol os seguintes hirmáns, todos acesos de fe no rexurdimento da terra: Faraldo, Carballeda, Couceiro, Tettamancy, Rodríguez González, Somoza (D. Alfredo e D. Lois), Freire, Parga, Mariñas, Lúgris, Villar Ponte (D. A. y D. R.), Castro, Serrano, Chao e Nogueira.

Polo camiño espallaron follas con versos e pensamentos alusivos, e folletos, o mesmo que no Ferrol. No paradeiro agardábanos mais de cen enxebres, antre os que lembramos ó coro "Toxos e froles" c'o seu presi-

dente Sr. Vaello, a rondalla "Airiños da miña terra" c'o seu intelixente director señor Pampin; o notabre pintor D. Camilo Díaz, o gran musicólogo dos de mais valimento de Galicia, Sr. Arana (*Pizicatto*), o inspirado poeta D. Emiliano Balás, os enxebres e gabados autores cómicos Charlón y-Hermida, rapaces exemprares, o brillante xornalista D. Pedro Fraga de Porto, o cultísimo pedagogo Sr. García Niebla, etc., etc.

Con aprausos e viyas a Galicia foron recibidos os hirmáns cruñeses ó baixar do convoy. E todos xuntos, en manifestación solene dirixíronse pol-as rúas de Galiano e Real, até o Salón Amboaxe.

O MITIN

O Salón estaba cheo de xente. N'os palcos tiñan asento algunhas distintas señoras.

No escenario tomaron asento os hirmáns cruñeses y-os ferrolanos señores Vaello, Pampin, Fraga de Porto, García Niebla e Bidegain ás veiras da táboa presidencial cuberta c'a bandeira gallega, tral-a que estiveron o señor Villar Ponte, D. Manuel Lúgris, D. Eladio Rodríguez González, conocido poeta, e D. Francisco Tettamancy, gabado hestoriador e publicista.

EUXENIO CHARLÓN

Ergueito o teón, antre aprausos, dirixíuse á tribuna o literato ferrolán, Sr. Charlón, quen, maxistralmente léu as fermosas cuartillas que publicamos deseguida:

"Señores: E casi xenerál costume de todol os que dirixen a súa parolá ó público, o d'encomenzar supricando mil perdós pol-as fallas que puideran ter, e de cote laméntanse que as suas cativas condicións oratorias—esto, aín-

da sendo verdadeiros reiseñores da fala—non lles deixará espicarse do xeito qu-eles quixeran.

Y-eu que ¡malpocado! nin son orador, nin cousa que lle somelle, pidobos—non por seguirla máa d'os mais, sinon porque boa falla me fará todo—me deixedes o anaco de tempo que é mester, pra finir estas, mal esquitras liñas, as que fún ordeando n-o millor xeito que a miña probe intelixenza me deixou.

Atendendo a-os requerimentos de varios correlixionarios, veño a cumprir unha mención que me honra moitísimo, pro que s'atopa en rifada loita c'os curtos coñecimentos da miña cativera persoalidade.

Quixo o destino que oxe cadrara asina, mais, temos dementes de que non se fará agardar o día en que todol'os ferroláns que levemos, xiquer, unha partícula d'amor prá terriña onde nascimos; os que nos sentimos orgullosos de ser gallegos; os que temos verdadeiras ansias de amosstrarlle a-o centralismo que Galicia está pobrada por homes; Nos hirmanemos en apreixado feixe, semellando a os ben nascidos de todol'os pobos da nosa rexión, y-a-o celebrar autos de tanta importancia como este, poidamos contar con homes de valimento, capaces de honrar según son merescientes, este feixe de hirmáns que sin outras covizas que as de sementar a Santa Ideya da redención, veñen a regalarnos co-a sua fermosa parola, amos-trándonos as suas nobres ideyas e grandes pensamentos.

Dito isto, vádesme permitir que eu — o mais humilde discípalo, sin outro méreto que aquel a-o qu'estamos obrigados todol'os bos gallegos, ou ben sexa, o de querer honrar á nosa nai patria—vos presente oxe estes grandes mestres do enxebriño, pertencentes á "Hirmandade da Fala" da Cruña, que n-a compañía d'as representacións d'outras hirmandades da comarca, teñen o pracer d'agasallarnos c-a sua parola edentora.

Respeito á inteleutualidade d'os oradores, folaría canta gabanza puidera eu faguer.

Todos sabemos quen é Antón Villar Ponte. Fai poucos días que Ramón Cabanillas, o enorme poeta da nosa fala, simbolizouno con grande acerto nunha fermosa composición que lle adica á sua alma acesa, e que encozema con estos sentidos versos:

"¡Carriño forte e xeitoso,
meu carriño,
arrolador e mimoso
com-o berce d-un meniño!"

E dempois de cantarlle á meiga terra nosa con esa melonía e tenrura que soilo e dado a-os que como él teñen alma de poeta e de gallego; a-o sentirse ferido pol'os aldraxes que de cote estamos recibindo, revólvese allivo y-amenazador contra os da meseta pra dempois decírlle:

"Canta, meu carriño, canta
a redención esquencida
y-o dor da Terra ferida
de treidores e ladróns
¡A y-alma galega dorme,
a santa Ideya está morta
e tes que ir porta por porta
encendendo os corazóns."

Tamén escoitaremos a palabra viril y-enérxica do grande tribuno D. Manuel Lugo Freire. Honra d'as nosas letras, Encarnación real y-o mais meresciente continuador da obra do noso nunca ben chorado Curros. Calificado asina pol'o mais concenciado y-autorizado d'os nosos críticos literarios.

Escoitaremos igualmente a Ricardo Car-

ballal, un rapaz mestre de primeiro ensino, esquirtor intelixente, gallego exemprar.

Escoitemos atentos, e con tranquilo espírito estudiemo'l'os ensino d'estes novos apóstoles da nosa raza, dispostos hasta o sacrificio, si é mester, pol'o resurximento d'unha nova xeneración que sexa meresciente de figurar n-a segunda época da nobre Historia de Galicia.

Y- agora soilo me resta darol'as mais sentidas gracias pol'a indulxenza que pra miu tivéchedes, aínda que endexamais tiven dúbida da vosa bondade da que teño boas probas.

Xa romatei. (Unha xustísima ovación acolleu ista notabre leutura.)

RICARDO CARBALLAL

Pronunciou un fondo e sentido discurso, cheo de notabres pensamentos. Hestoriou algunhos aldraxes dos que nos fixo ouxeto o espírito castelán.

Coma bon nazionalista — dixo—e coma emigrado que fun, teño o deber de protestar con carraxe d'unha comedia "Muros de Oro" estrenada na Cruña e Santiago fai poucos días, na que se di que Galicia é humildá e que l'abonda con sere bonita, e onde, tamén, se quer ridicolizar a inxenua vanidade dos nosos hirmáns das Américas, coma si ista vanidade, non fora mais disculpable que a dos señoritos alfabetos e retóricos das nosas vilas. (Moitos aprausos.)

Eu—concruye—sei, coma sabedes todos, que os emigrantes que de non ser pol-a válvula da emigración xa houberan segado algunhas cholas valdeiras de señoritos, os emigrantes que lle non deben nada ó Estado español, cando c'o seu sudor se fan con algús cartos, pensan no progreso cultural da sua terra, pensan no porvir dos seus fillos, na redención do eido nativo, facendo escolas e cooperativas. E dimpois d'isto, ¿pódeselle censurar que donen reloxes de torre, cando ises reloxes son índices ergueitos que sinalan ó alto, coma querendo dicir que Galicia, si quere redimírese, ten que adeprender a coñecer o valor do tempo, o valor das horas críticas?

(O concruir o seu valente e fermoso discurso Carballal foi moi gabado.)

VILLAR PONTE

(Publicamos enteiro iste discurso, non porque sexa millor que os mais, senon porque foi o úneco que se pronunciou, estando esquirto.)

Gallegos: Non sei se vos enganaron moitas veces. Coido que si. Mitin cuasi sempre quer dicir mentira. Eu quero darvos a verdade encariceada na miña alma, a grande verdade que conquerín na miña vida. Soyo vos pido atención un momento. Nin aprausos nin gabanzas, pois non veño a engoloyar vosos oubidos con verbas bonitas que desprecio, sintindo no poder impersoalizarme, senon a procurar chantar, no voso miolo as flechas d'un novo evanxelio de libértá.

Pra que me coñozades deixádeme berrar aquí coma berrei en Lugo: ¡Fora o cruñesismo, o viguesismo, o ferrolanismo; fora todos estes ismos fraticidas que esnaquizan a nosa Terra, facendo imposible, coma outros tantos reinos de taifa, a reconquista da alma rexional! Gallegos, bos gallegos, galleguismo samente. Aquí tedes o noso programa outo. (Ben, moi ben, berraron moitos.)

Fixádemos no que é oxe Galicia. Unhas cantas cibdades e vilas, cheas de señoritos desertores do traballo, chulos da credencial, zanganos do trobo da colmea centralista, sen alma e sen fe; (aprausos); unhas cantas cibdades e vilas dixen, que reciben beneficios do Estado, según teñan ou non caciques influentes en riba, onde se canliza o favore, nega-

ción de toda xustiza distributiva. E logo, unha Galicia rural, unha Galicia traballadora—que é toda Galicia pro o caso, xa que representa mais da sesta parte da nosa poboación, que está inédita prá cidadanía, que vexeta estambullada ó marxen das leises, esqueneida de todos, coma forza morta, sendo, señores, a úneca viva, a úneca que nos dará o progreso xeneral que nos cadra pol-a nosa natureza, chorando en gallego, no seu idioma que é sua alma ispada, as coitas dolorosas que non pode entender a Galicia señoriteira das vilas, a Galicia de cuello pranchado e corazón esfarrapado, esa Galicia cursi, soyo Galicia de nome, que leva nos ouvidos o tapón da hexemonia que lle impuxo Castela, vivindo contr'a sua natureza, arrenegando do enxebriño, coma despreziable onanista espiritual, mansturbadora da sua conciencia. Y-eu vos digo en verdá: Hai que facer da Galicia de señoritos andróxinos, piollos da nosa decadencia que se rin de todo o que non seña de proveito persoal, unha Galicia de señores labregos. Hai que decrarar en quebra o espírito vilego, espírito de recuncho bretemoso que semella tea de araña, pra afirmar que a Galicia redimida do porvir, fica n'unha fonda hexemonia labrega. Hai que berrar muy forte que unhos cantos pobos da nosa terra, que loitan fraticidamente, axionllándose ós pes dos caciques influentes, rifando coma vellas comadres, por disputárense a apricación do vaso ó grifo do favor canlizado dende Madri, sen importarlles a xustiza ou a inxustiza, non son Galicia, a Galicia que nos queremos, a Galicia porque peitamos.

Non son preitos urbanos os primeiros preitos gallegos. Nin as credenciás dos señoritos, nin unhos cantos edificios, nin unhos xardíns públicos, nin unhas rúas reutas, nin unhos soldados mais ou menos—y esto soyo pide a y-alma das vilas—ha facer de Galicia unha rexión europea. A Galicia europea será rural, rural, señores, inda que adoezan os señoritos: porque as canteiras da nosa riqueza propia están no campo e están na mariña, entre o remo que semella unha ademiración y-a fouce que lembra unha interrogación, preto das máns callosas, lonxe das rousadas unhas con *polisoir*.

Aquí tedes unha forza d'unidá, cimento da formación do nosa conciencia coletiva, que abafa e magoa, impidindo que xurda trunfal, o cruñesismo, o ferrolanismo, o viguesismo... todos eses ismos de taifa, froito da política centralista, nos que s'esfrangulla a vountade.

Coma dixo o gran poeta da raza, Cabanillas: "Sin outro alcume nin outro achego—gallego soyo gallego."

¿Non se sacrifica a familia pol-a patria en tempo de guerra? Pois nos, n'istes tempos de paz—que son de guerra d'ideas—si queremos ter un voo alto, voo d'orientación com'o da pomba menxaxeira, e non o voo baixo da galiña ou o mais baixo aínda do avestruz ¿qué menos hemós facer que sacrificar o pequeno amor ó pobo no que fumos nados, amor sin hórizontes, amor de caricol que leva a casa ás costas, pol-o grande e transcendental amore á rexión patria?

Unha política nova, unha política inédita, feita por primeira vez en gallego, no noso idioma no que aínda non vos enganaron os cuneiros, vinos sementando. E aquí ten encadramento millor agora que en ningún outro sitio. Aquí onde pra nos hai unha fondo traxedia de cibdadanía. Aquí onde un gran gallego, que fala e pensa en gallego, que é fillo do Ferrol, traballando sin tré-golas pol-ós intrases outos de Ferrol e de Galicia, sendo de feito o primeiro deputado gallego, admirado de toda Galicia, refírome a Rodrigo Sanz, non pode sel-o de dereito porque o centralismo que raeu a vosa con-

cencia—coma rau tod'a concencia d-a terra—recadará, d'n 29 vergoñoso e noxento o trunfo de cueirismo. Toda Galicia é o mesmo. E decidem con franqueza: ¿Si esto non fora así, si Galicia non fora escrava, ¿non teríamos xa, ntre moitas cousas mais, o ferrocarril da cota? Cada pobo ten o que merece. E nos noi merecemos mais que o trallazo do capata: sobre das costas. (Ovación grande, quent, alongada.)

Tdos rexionalistas, pro
o rexionalismo non
parece.

Siñores: D'algún empo a ista parte, todos nos chamamos rexionalistas. O rexionalismo anda en todol-os labios. E xa é tempo de preguntarnos si est rexionalismo que sinten a maoria das xntes, sintenno de corazón, de maneira coscente, honrada, enxebre.

Eu coído que non; eu coído que é coma un andacio, coma unha moda que non nos pode levar a nada foitífero.

Mais quero enfiar o problema, c'un conto d'Azorin, que xa refirin en Lugo.

Unha ves, viaxaban xuntos n'un tren dous señores: un gordo y-outro fraco. O señor fraco era un filósofo kantiano; o señor gordo un empresario de barraca de feira. Ningún dos dous sabía da profesión do outro. Pro coma escomezaron a falar dos fenómenos, y-o filósofo dixu que sólo coecemos na realidade os fenómenos y-o empresario asinteu—¿cóma non ba a asentire?—dicindo muy serio: "si, s., sólo vivimos pol-os fenómenos", é craro, estiveron d'acordo en apariencia. Pois apricémol-o conto.

Agora imos camiñando todol-os gallegos no tren do rexionalismo. Os gordos y-os fracos estamos d'acordo r'aparencia, namentras non sabemos uns d'as aspiracións e profesións dos outros. Pro os gordos son os empresarios da barraca de feira do centralismo, ou dependentes d'istos empresarios. Pra iles o rexionalismo é un fenómeno cotizable. Y-os fracos somol-os hirmáns da Fala, os homes de sentimento e pensamento enxebres—puros—que vemos na propaganda do noso rexionalismo un sacrificio, de molestias e de cartos, e no seu trunfo a redención gallega. ¿E poderemos darlles belixerancia a aquiles gordos compañeiros de viaxe? ¿Poderemos darlles creto a aquiles rexionalistas d'ocasión, rexionalistas de "feira dos discretos". ¿Poderemos deixar de recusar, con tod'a enerxía da nosa yalma esgrevia ós que, chamándose correligionarios nosos, teñen póstol-os pes ou os ollos na escada do centralismo pra rubire?

A fronteira percisa

Si desexamos ire a cousa práctica, antre aquiles homes e nos, temos de erguer axiña unha fronteira indestrutibel. Y-isa fronteira é a do idioma gallego: isa fronteira é noso idioma. Decideme si hai outra millor; dicideme si temos outro medio pra chegar á selección percisa, segura.

Hemos falar y-esquirbir en gallego os bos gallegos. ¿Por qué? Porque por iste camiño non nos seguirán os falsos rexionalistas; porque por iste camiño soyo nos seguirán no ésodo, sen fama, nin gloria nin proveito persoal que leva á terra de promisión, á Galicia libre y-emancipada, aquiles que non busquen pra si gloria, fama e proveito; aquiles que comulguen c'o rexionalismo integral a cotío, ollando a Galicia redenta nos seus corazóns a tódal-as horas.

Falar y-esquirbir no gallego non da fama na Meseta; falar y-esquirbir no gallego supón espírito de sacrificio, y-o sacrificio, primeira condición de todo apostolado, les

non cadra ben ós arrivistas. Así, poñendo a man na chaga, ¿non vedes que son moitolos chamados e poucol-os escollidos? ¿Non vedes que doado se nos fai asina reconocer os sepulcros branqueados? ¿Non vedes cómo a nosa fala ¡que é nosa alma, pode servirenos de tralla pra arroxar os mercadeiros do templo rexionalista? Istes mercadeiros que levan nos seus corazóns o gruñido do porco, de que falou Marco Aurelio...

Os grecos antigos dicíanlles ós que invitaban ós seus festíns: "que beban ou que se vayan." Pois o mesmo lles dicimos nós a cantos chámanse rexionalistas: Ou bebedes nas fontes da nosa lingua ou non vos queremos coma compañeiros. Porque nas craras augas da lingua é onde millor poden refrexarse os gallegos acesos d'enxebriño, profesos na relixión da raza. O gallego, dicimos nos, coma santo e seña; a "Hirmandade da Fala" sancta sanctorum do rexionalismo esgrevio. E advirtovos mais: cando vos diga un señorito, que non saiu nunca de Galicia que il é rexionalista, que il aceta todo, agás o da fala, rídevos, desconfiade d'il supetamente. Ise señorito será traidor a todo; ise señorito, ise señorito pon o seu desleigamento ó servicio d'unha ambición antipatriótica, para a que o enxebriño resultaría lle carce. E, señores, facer enxebriño en castelano, por moi boa intención que haxa, e o mesmo que quer encher d'augua un paxe de vimbios.

A esencialidá do gallego.

Pro hai mais, señores. Non soyo por comencia de táctica queremos o uso, o emprego do gallego. Non; isto con sere importante, sería pouco. Querémolo pol-o que quixo o catalán Cataluña, e con mais razón ainda. ¿E non hai persoas intelixentes que din que n'isto imos trabucados? ¡Valanos Dios! Como si o gallego non fose un idioma mais vivo que o catalán; como si o gallego non fose unha realidade que nos pon en xuntanza espiritual direita con mais de 30.000.000 d'homes; como si aquí, soyo aquí non latexara a úneca e derradeira posibilidade de chegar ó grande soño do ibeirismo integral. ¡Cando os cultos rexionalistas sevillanos láyanse de non tere, coma nos y-os catalás, un idioma propio pra erguere a propia alma!

Decideme que forza tería Cataluña, a rexión mais europea da Península; qué xuntanza podería tere si non houbese recobrado o seu espírito, c'o recobro do seu idioma? Xa vol-o dirán os rexionalistas catalás cando veñan a Galicia, que a dicirnos iso tan respectable e santo y á honrar a nosa Rosalía—dimpóis d'agasallare en Cataluña con afeito d'hirmáns a cantos gallegos e coledividás gallegas alá foron—, a iso soyo virán cabo nos, a iso que envolve o desexo de que xuntos colaboremos na obra grande de facer unha forte Iberia.

Xa vedes que iste preito do gallego que a moitos fai rir, e un preito europeísimo, no que s'enguedella o do necesario ensino do castelano por medio do noso idioma—xeito pedagóxico—; o de que xueces, maxistrados, mestres d'escola e cregos seipan gallego—xeito social—. E nos sabendo castelano e gallego—xeito utilitario—para estudos fiolóxicos, para as esixencias da vida en España e fora d'ela, ¿non valeremos así mais que os fillos de calquer outra rexión? Nos, señores, e iste xa é un inciso, somos afeirados ás disciplinas clásicas e modernas, lémos libros de filosofía, e de todo isto falamos en gallego coma en castelano. ¿Cómo non han, pois de poder falar no noso idioma os que nin estudian nin teñen preocupacións espirituales, senon comas de cativas ideas reflexas na súa alma cuáseque en branco? Pra dicir valeiradas e colmos esóticos,

non fai falla ningún idioma. E sabede que o preito que nos pranteamos oxe, pranteárono os catalás na sua terra fai trinta anos somente. Loitamos, pois, por cousa utópica?

Siñores, cando morre un idioma, morre un pobo: a palabra e o elemento esencial da formación do home.

Axeitándonos a isto, si Galicia é unha patria natural con idioma propio que non pode trocárese nunca inda que se troque o Estado, cousa difrente, froito d'unha condicionalidade—lembrémonos con Pi Margall de Portugal, n'uns séculos unido a España e logo separado d'España, sin que pra os portugueses fallara xamais a verdadeira nazionalidade—; si o noso é un idioma vivo que empregan 30.000.000 d'homes entre portugueses, brasileiros e gallegos, idioma que foi no universalismo do arte o que mais tarde foi o italiano, vehícolo aristocrático que trougo a Iberia a delicadeza y-as tenras dozuras da poesía—¡si n'a compañía da múseca na ópera se dera a conecer qué trunfo abranquería inda oxe!—frocendo nos labios das damas das cortes d'amore e das donas de pazos feudales; idioma no que fixo suas cantigas o Rei Sabiño, aquel Rei que soyo coidaba o gallego idioma dino pra se dirixir á Virxe e que na hora da sua morte pregaba que na súa tumba soyo cantasen trovadores de Galicia, iste idioma, elemento permanente, eterno, da nosa yalma coleditiva, gardado pol-o pobo pra que se seipa ainda que temos unha patria espiritual trunfadora da bárbara división político-administrativa que nos impuso o centralismo; non esquencendo todo isto ¿qué rexionalismo poderemos facer si d'il arrenegamos, si d'il nos avergoñamos?

Si se fala coma se pensa e pénsase coma se fala, desexando que sigan xunguidas ós grillóns de Castela, coma escravas, as novas xeneracións—nos xa non poderíamos redimirnos—soyo iste berro lle cadra ó noso porvir: o de *vivan as cadeas!* No uso do gallego latexa nosa libertá.

Morreu o latín que enchía o mundo, que foi señor do mundo, y-o gallego—un *dialeto*, un *pato*, que din os cursis é que oxe porque o fala o pobo desprécianno os demócratas de *doublée*, como si o castelán non o falaran os plebeus de Castela—, o gallego desgaxado d'aquil árbol que parecía eterno, vive ainda vida puxante, baril, pesi-a cinco séculos de centralismo, pesi-a que os estranos e nos traballamos por matalo. ¿E sabedes d'unha forza mais grande; sabedes d'outro medio millor pra poñere en xeito vivo a concencia coleditiva que nos falla? ¿Sabedes que o castelán pra docificárese tomounos moitas milleiras de verbas nos tempos derradeiros? ¡Ou, cativo dialeto!...

O noso rexionalismo.

Non é, señores, o noso rexionalismo, un rexionalismo de *folk-loore*, un rexionalismo lírico-poético, con espallamento de lugares comúns económicos. Iste é o rexionalismo ortodoxo de que falaron Besada y-o seu profeta Viguri, políticos de xogos frorales e mantenedores literarios da política. Iste é o eterno rexionalismo gallego dos traxes típicos, da gaíta, da muiñeira, no que se fala de Galicia, inventariando en ripios o verde dos nosos eidos, o azul das nosas rías, a vaciña, a casiña, a morriña, etc., etc., dicindo que nosa terra e o millor do mundo. Iste é o rexionalismo do *bon cop de fal* retórico. E nos, sen despreciar iste rexionalismo queremos outro que chamamos *heterodoxo*, rexionalismo integral, rexionalismo feito en prosa, porque vai mais aló dos traxes, das músecas, dos bailes e dos versos, porque é rexionalización da nosa concencia, da nosa alma, do noso pensamento.

Nos queremos a Galicia coma ela é, pra

obrigar que coma é sexa tratada. ¿E a Galicia dásele o trato de que é merecente? Non. Galicia está *absolutamente sacrificada* por outras rexións. Galicia é librecambista no terreo económico, pol-a súa natureza; quere dicir que a Galicia perxudicalle, impíndolle progresar axiña integralmente, pra pñerse á liña con outros pobos d'Europa de natureza semellante, o arancel proteutor—o proteccionismo—sin o cal non terían vida outras partes d'España. Levamos un cadáver ás costas. A nosa e a úneca rexión peninsular que podería vivir sin fronteiras arancelarias, que soyo viviría ben sin elas, xa que os seus futuros mercados miran ó estranxeiro. E sendo isto así, eu pregunto: ¿non deberiamos ser os nenos alumiñados pol-o centralismo? Debéramos e seriamolo, si tivéramos concencia, pro non o somos, porque fixemos un culto d'honor propio d'escravos, da lealtá, da incondicionalidá ó Estado español—a incondicionalidá é virtude de parvos e inñorantes, pois inda non se da antre pais e fillos, por natureza—, lealtá e incondicionalidá que nos asemella ós cans que lamben a man do amo que lles arrea.

Galicia, pois, e n'è un tóptico, señores, é a cincenta d'España, inda que haxa outras rexións mais pobres que ela. E si Galicia pode ter pol-a súa natureza independencia económica que enfrena o proteccionismo, e libertá espiritual, latexante na súa lingua, y-a lingua e a autonomía dos pobos mais forte que ás armas ¿queredes maor escravitude que a nosa? ¿queredes rexión mais escrava? Ou trunfa o noso ideal, señores, porque sabemos impoñelo, ou Galicia deixará de ser, pra ser soyo unha lembranza, unha mancha hestórica no hourizonte das nazionalidades do porvir. A esecución do mundo. O noso rexionalismo é un negocio, o negocio dos nosos fillos. E un imperafivo categórico da nosa natureza. (*Grandes aprausos.*)

¿Galicia escraval? ¿Cómo non ha selo! ¿qué facemos pra que o non sexa? O mèsmo que as rãs da fábula pidían rei, andámos nos, non pidindo un rei senon criados dos axudantes d'un rei, políticos influentes, benfeitores, que nos dían todo feito. Adicámola nosa vountade, até castrela por falla d'uso, xa que a función fai o órgano, n'uns cantos amos, n'unha abreviatura d'oligarcas. E si nos fan un favor que non é tan siquera un anaco da xustiza de que somos merecentes, agradecémolo cegamente. ¿E así pode frolecer a cidadanía?

Non; a cidadanía frolece nos pobos que non queren valedores, coma Cataluña, porque saben pidire colectivamente, diferenciando antre deber e favor, que aprauden con xordina e protestan a berros, que son ecos das conciencias. N'istes pobos os deputados son mandatarios dos destritos. E nos nosos son os amos, ós que lles temos de agradecer todo; son os grandes, grandes—emprego unhas verbas de Mirabeau—porque os ollamos postos nos de xionllos, quí si nos puñéramos en pe, pareceríannos pequenos.

Temos que cantar istas verdades no corazón da xuventude, coma flechas envenenadas. Temos que facer gallego o verbo existir. Temos que esqencer en troques, o verbo rogar.

Conclusión

Dispoñemos, señores, do forte salto d'auga, da forte ferverza da lingua. Hai que encauzalo, canalizalo, pra que produza enerxía, eleitricidá espiritual que xenere a lus propia e crara do enxebrismo alumeador da nosa concencia.

O lugar do nacemento non s'escolle. Nados en Galicia, sexamos gallegos en todo,

por todo e para todo. Non teñamos que sentire cobiza dos xudios que inda sin patria natural, teñen patria espiritual, pol-a lingua; non sexamos piores que os polacos que c'a súa patria natural esnaquizada, asoballada—¡pobres hirmáns!—alentan un soño redentor, gracias á lingua.

¿Qué poderá ser Galicia s'arrenega da súa alma, que é a súa lingua, donada por Dios, xenerada nos seos misteriosos da raza, recibida por nos en herdo dos nosos pais, dos nosos abós, dos nosos dinantepasados?

¿Queredes unha fautoría comercial e industrial? ¿E isa vosa aspiración? A nos non nos abonda isto pra vivire. E isto sería Galicia, cando mais fose—entendéde ben—unha fautoría, pior aínda: unha chea de fautorías esporádicas, se perdera o sentimento y-o pensamento que latexan na súa lingua. Hai rexionalistas que se contentan con sere novos fenicios en novas fautorías fraticidas. Nos somos rexionalistas que queredes unha patria. ¡Xuventude—e non a de sapos de que falou Curros—escolle! Hai que definirse, chegou o instante de difinirnos. Europa en seso intelectual, quer dicir difinición.

A Galicia castelana xa vedes o que é, do mais atrasado do mundo, algo que non ten satisfución interior, que non é negocio pr'ós seus fillos e que non pode seguir sendo incondicional á marcha de Cádiz do centralismo. ¿Pode ser pior unha Galicia gallega? ¿E retrógado o noso xeito? Pois enton, retrógadas son total-as aspiracións do mundo civilizado.

Galicia quedou muda, non volveu a falar colectivamente, porque non falou mais en gallego dende que Pardo de Cela foi aforcado en Mondoñedo, en castigo a habérese ergueito n'armas contra Castela, por cobiza persoal ou pol-o que fose. Dende estonces falou Zamora por nosoutros—entendede o simile—pidindo edificios, asfaltados, xardíns, guarnicións militares, muelles, etc., pra as nosas cibdades. Pro os problemas agro-pecuarios gallegos están aínda ineditos nas Cortes. Non figuran aínda nos diarios de sesións. E Galicia—hai que repetilo moito—non son as cibdades nin as vilas; Galicia e o campo, a gandería, as minas, os camiños de ferro que nos aparten do deserto da Meseta, pra poñernos en comunicación c'o mundo; o que está contra-posto c'os intereses de Castela.

Señores: un insine ferrolano, Rodrigo Sanz, o noso deputado, o primeiro deputado gallego de feito, lazarillo de todol-os deputados cuneiros, mal que a istes lles cadre, demostrou no Ateneo de Madrid, e naide o dixó aínda nas Cortes, que Galicia paga catro millóns de pesos anuais ó centralismo, mais que o importe da Deuda pública, pra que o centralismo lle conceda o dereito a comer pan. Y-estos catro millóns de pesos somentes—que poderíamos chamar o imposto da fame, o inri da nosa escravitud,—non deberan importarnos mais que todol-os preitos vilegos? ¡Ai, señores, non vedes craro xa, que non hai na nosa terra probrema económico esenciaes, que poidan separarse; non vedes que todol-os probremas gallegos, arxincan d'un soyo probrema sustantivo, probrema rural, axeitado á natureza gallega, probrema trascendente que inda agora, cando se fala nas Cortes de proteución ás industrias nazionales non sona pra nada, porque o centralismo ténnos mudos, coma verdugo da nosa concencia, seguro da nosa cobardía, apricándonos a lei do embudo, que Alba, *trigueiro* castelaniasta, manexa coma os mais? (lede a Xulio Senador).

Pensade ben. Oxe xa soyo teñen razón de sere dous partidos en Galicia: dous partidos vivos: o rexionalista integral, axeitado

á nosa natureza, (partido natural) y-o partido obreiro, (partido social) que ten por lóxico cimento a hestóric loita de crases. Os mais coma partidos mortos, coma cadáveres galvanizados, van, en o vedes, camiño de fosilizárense. (Aprusos).

Nos queredes, pois, arlle a Galicia a lingua, con todo o que alingua representa, pra que a Galicia andruxina e señoriteira volva pol-o seu, reintegándose ó seu ser, non por amor nin por fe, señores, que o amor y-a fe non se improvisan, sinon por egoísmo; porque pobo ue recobra a súa lingua, recóbrase a sí mesmo. ¿Non é isto lóxico? ¿Pódese entendere que está mudo?

E xa repito o que dixei en Lugo: ¡Chamádenos soñadores si queredes! Pro o noso soño é un soño de redexión, que busca o querer público pra impoñelo ó poder público, soño grande pol-o que nos fariamos mártires, pol-o que daramol-o sangue das nosas veas; soño que atexa n'este berro ceibo: “¡Paso a Galicia redimida integralmente n'unhas concencias novas que se sienten colaboradoras na obra da humanidade, inda sabendo que non recollerán o froito do éxito; inda sabendo que non son revolucionarios do vispera!” ¡Tolos ou héroes! ¡Nin ridícolos, nin vvidores!... (*Moitos aprausos.*) Eu quero faver cousas macizas, de promo, pra que vayan ó fondo. Xa sei que isto non da fama nin gloria, que a gloria y-a fama son ¡ai! pra os versificadores y-os retóricos, pro eño unha soya arela: a do cumprimento d'un deber, ponte de dous arcos (d'oxe ó pasado, e d'oxe ó porvir) pol-os que corre a realidá, trunfadora de total-as utopias, d'cindo que “a lei dos protozoarios, coma total-as leises da natureza, non poden esnaquizalas os Parlamentos políticos.”

LUGRIS FREIRE.

O saír á tribuna foi ouxeto d'unha gari-mosa ovación, longa e forte.

Coma non se tomaron notas do seu discurso, discurso fermosísimo, que eleutrizou ós ouventes, mais difícil que do de ninguén se fai dare unha síntesis. LUGRIS, orador quente, de corpo inteiro, mestre na propaganda dos mitins, pol-os matices de pensamento e dición que pon nas suas verbas, dificulta a labore dos *reporters*.

Tivo un párrafo elocuentísimo pra Ferrol, lembrando a revolta cidadana que dirixiu Patiño. Falou do porvir d'aquela ridente vila, onde hai baluartes do enxebrismo, exenprares pro resto da rexión, o coro “Toxos e froles” y-a rondalla “Airiños da miña terra”, merecentes d'eterna e garimosa lembranza.

Fixo logo un estudio filolóxico do noso idioma, admirábre. Dixó que hai linguas libres y-escravas. As libres, coma a italiana, poden dicir as mesmas cousas con verbas diferentes, entendéndoas todos. Verbi gracia, *corazón e día*. Pois isto que non é anarquía, socede co gallego. No gallego que falamos nos—di—entendéronnos n'outras provincias e entendédesnos aquí. Amostrou a riqueza do noso idioma.

Dimpóis, con frases de graciosa ironía, ridicolizou ós señoritos que se rín dos “Amigos da Fala”, facendo encaixe de Camariñas ás portas dos centros recreativos.

Pro o mais fermoso do seu discurso, estivo na parte que adicou a demostrare coma o rexionalismo e camiño da paz e da liberdade. Antre aprausos, falou do Congreso das nazionalidades de Berna,—tendo un galane inciso pra loita europea—e dixó que soyo pol-a libertá dos pobos naturais se pode chegar á libertá do mundo, á fraternidá universal. Por isto—berrou—eu, do dereito do partido republicano da Cruña, esto!

aquí; por isto eu, conscientemente, milito na "Hirmandade da Fala".

(Longo tempo escoitou unha ovación foite n'o derradeiro do seu maxistral e outro discurso.)

OS HINOS GALLEGOS.

Siguidamente, o gabado coño enxebre "Toxos e froles" que onde queira que estivo conquireu o loureiro do trunfo, n'outa xustiza, cantou o hino de Pondal e Veiga a tres voces con moito agarimo y-afinación notabres. ¡Qué ben entona aquí fado de rapaces!

Foi apraudidísimo. Foino tamén cando cantou dimpóis o hino de Brañas e Taibo.

"Toxos e froles" e unha coledividade que honra a Galicia. O seu presidente, D. Cayetano Vaello, home cultísimo, cabaleroso, é popular no seu pobo, onde querenno todos.

Pol-o derradeiro, acordouse dirixir un telegrama ó xefe do Goberno, pidíndolle que apoye o preito vitalismo do ferrocarril da Costa.

Léronse tamén algunhas adesiós, entre elas unha do intelixente y-enxebre médico de Pontedeume D. Constantino Amado

UN XANTAR

Dend'o "Salón Amboaxe" dirixíronse os hirmáns cruñeses invitados por algús bos

ferroláns ó "Ideal Room" onde se lles agasallou c'un esprendido xantar.

A hora do café léron Hermida e Charlón estes dous rapaces nobres, cultos, todo sempatía—que alguén chamoulles os Quinzeiros ferroláns—un diálogo teatral cómico, inda inédito, nomeado "Axúdate que eu ch'axudaréi". E dino hirmán de "Trato a cegas". Fixo pasar un anaco de tempo felís os ouventes.

Ofreceu o xantar D. Emilio Bidegain, home de fondo e xusto prestixio no Ferrol y-en toda Galicia. Un cerebro culto. Un corazón moi grande. Bon coma o pan de Neda. Mesire de galleguismo. Espello de cabaleiros. Un enxebre a quen non esqueceremos endexamáis.

Logo o inspirado poeta D. Emiliano Balás, leu unhas cuartillas de saúdo e de loubanza do gallego, admirables. D. Eladio Rodríguez González, vate enxebre tan gabado, recitou unha poesía "A Patria".

Até o tren acompañaron os hirmáns cruñeses moitos amigos do Ferrol. Cando arrincou o convoy, houbo vivas a Galicia, a Ferrol y-á Cruña.

Ferroláns, correligionarios da y-alma, unha soya verba de gratitude, sinxela porque é sincera, repetida até o infindo: gracias, gracias, gracias...

NOVO TRUNFO D'VN GRAN GALLEGO

LOIS PORTEIRO GAREA N'A CRUÑA

Invitado pol-os republicanos cruñeses pra dar unha conferencia no seu Casino, estivo n'ista cibdade o insine civilista—insine, certamente, empregamos ben o adxectivo,—catedrático da Universidad de Compostela e abogado cultísimo, noso quirido amigo Lois Porteiro Garea.

Porteiro tivo un garimoso recibimento da xuventude republicana cruñesa. Fai longo tempo non houbo outro igual. ¡Bon 11 de febreiro!

Pol-a noite deu a nunciada conferencia, entre un público numeroso e seleuto na maoria. ¿Qué dicir d'ela sabendo o que val Porteiro, sabendo que Porteiro e unha das primeiras figuras da intelxentividade gallega, un dos poucos verdadeiros intelectuales nosos no senso cartesiano. Porque xa vimos cansos d'ouvirles chamar intelectuales, trabucando a verba, a moitos que non son mais que literatos y-oradores. Y-o intelectualismo é unha clás aristocrática na que entran poucos. Tan poucos que eiquí e no resto de Galicia, cóntanse c'os dedos das mans. O intelectualismo é mais froitífero que o literatismo.

Porteiro obsequiounos n' hora e media c' unha ristra d'ideas modernas, fondas, desenroladas n' unha verba fluida, sinxela, elocuentísima. Porteiro ten un perxeño físico, todo sempatía e bondade. Ten un corazón de ouro, unha y-alma nobre, honrada, enxebre.

Falou de moitas cousas intresantes. Dixo que o republicanism a secas, sin adxetivos sustantivados por unha idealidá transcendente, xa non pode esistire. Definiu o conceito rexionalista no senso moderno e progresivo, de maneira admirabile. O rexionalismo—manifestou—ten evitado moitas guerras, as dos Estados que forman Norteamérica, por exemplo, e poderá evitarse mais.

Falando das características económicas

de Galicia e dos perxuicios que lle causa o proteccionismo, estivo moi ben.

Moi ben estivo igoalmente, combatindo a comedia "Muros de oro" pol-as censuras que n'ela dirixísenlle ós nosos "indianos", según Porteiro homes grandes, admirables, merecentes de garimosa loubanza. Tamén censurou uns versos da mesma comedia nos que se fala da humildá gallega. Dixo que Galicia fixo ó longo da Hestoria tantas ou mais revoltas y-alzamentos que as outras rexións d'España.

Tras fortes verbas contra do caciquismo—do que contou cousas pintorescas—aconsellou que si algunha vez viñan os labregos á Cruña non os dirixisen ós mosteiros de pobres monxas dinas de respeto, senon a outras casas céntricas.

Recomendou que se formen nas cibdades xuntanzas d'homes honrados e liberales pra defender a xusticia dos labregos a total-as horas.

Foi apraudidísimo e recibiu moitas emboras.

Logo agasallouse ó insine conferenciante c' unha cea á que concurriron mais de setenta persoas do partido republicano. Tamén asistiu unha representación da "Hirmandade da Fala" composta pol-os señores Parga (D. Xorxe), Somoza (D. Alfredo) e Villar Ponte (D. R. e D. A.)

Houbo brindis elocuentes. Pro Porteiro pronunciou un fermosísimo, no que puido amostrar o perciso do emprego do idioma gallego, non soyo coma instrumento de propaganda no campo e na literatura, senon coma o único que nos intensificará a nosa y-alma coleditiva, oxe esvaída.

Foi moi gabado.

Agora un pequeno comento. Leutor: si pasáchel-os teus ollos pos istas liñas, merecentes de maor longura, e pol-as outras nas que se fala do mitin da Hirmandade

Ferrol, ¿non podes decatarte de que os oradores d'aquil mitin, e Porteiro,—¡notable coincidencial!—coma si estivesen d'acordo, trataron das mesmas cousas, inda que Porteiro dixéras maxistralmente, e algús dos outros, non.

Isto di moito no pro da nosa campaña e da nosa causa. Isto di que escomezamos a poñernos d'acordo en preitos sustanciás todol-os gallegos que pensamos. Isto di que vai callando o ideal redentor.

Pro inda hai mais. "Os Amigos da Fala" trouguemos ó gran Rodrigo Sanz á Cruña; deu unha conferencia notabre no "Circo d'Artesanos" organizada por nos, e logo outras forzas afíns aproveitaron o momento pra facer un auto solene de cívica tendencia.

"Os Amigos da Fala" fumos na Cruña os primeiros en facerlle xusticia a Porteiro, popularizando o seu nome y-a sua obra. E gracias a isto, quizáis, puido ter lugar o auto do 11. (Porteiro foi o iniciador, con Taibo, da "Hirmandade da Fala en Santiago. O primeiro que nos alentou a nosoutros.)

¿Somos, pois, útiles ou non para a cultura gallega, para a libertade y-a cibdadía?

Namentras se rin os imbéciles de que fala Pondal na segunda estrofa do Hino gallego, nos co'a nosa estrela no peito, deixamos que ouveen os cans da alquería, seguindo o camiño reuto.

Coma sigueo Ribalta, o mestre Ribalta en Madri, c'as suas admirables conferencias do Ateneo y-os seus traballos d'"Estudios Gallegos".

TRADUCIOS DE L. CARRÉ

GABANZA SENTIMENTAL DO ACORDEON

Por Pío Baroja

¿Non tedes visto algún domingo ao murrel-o día, en calquer esquecido porto do Cantábrico, na tilla d'un mouro quechemarín ou no courel d'un patache, tres ou catro homes de boina que escoitan inmobres as notas que un grumete arringa d'un vello acordeón?

Eu non sei por qué, mais esas melodías sentimentás repetidas até o infinito, ao anoitecer, no mar, diante do hourizonte sen límites, producen unha tristura solene.

Por veces, o vello istrumento ten afogos, acoramentos de asmático; por veces a media voz d'un mariñeiro acompañao; por veces tamén, a onda que rube pol-as grades da escaleira do muelle, e que despois retirase murmulando con estrondo, acocha as voces do acordeón e do home; pero decontado volven a ouvirse, e siguen enchendo cos seus xiros vulgares e as suas voltas conecidas, o silencio da tarde do día de festa, deleitoso e triste.

E na mentres o señorío do pobo volta do paseo; entramentrel-os mozos da campia romatan o partido de pelota, e na praza o baile está mais animado, e mais cheas de xente as tabernas e as cidrerías; estramentres nos calexós anegridos pol-a humidade encomezan a brilar as cansas lámparas eleitreas baixo os aleitos saíntes, e pasan as vellas envoltas nos seus mantós, ao rosario ou á novena, no mouro quechemarín, no patache carregado de cemento, sigúe o acordeón ceibando as suas notas tristeiras, as suas melodías paseniñas, conecidas e vulgares, no ár calado do anoitecer.

¡Ouh, a imensa tristura da voz casquexada, da vos mortiza que sal do pulmón d'ese plebeu, d'ese pouco romántico istrumento!

E unha voz que di algo enfadoño, com'a

mesma vida, algo que non é gallardo, nin aristocrático, nin antigo; algo que non é desusado nin grande, senon cativo e vulgar, coma os traballos e as dóres cotiás da existencia.

¡Ouh, a estrana poesía das cousas vulgares!

Esa voz humilde que aborrece, que cansa, que anoxenta primeiro, amosra pouco a pouco os segredos que agacha entre as suas notas, aclárase, trasparentase, e n-ela traslúcense as ruindás do vivir dos rudes mariñeiros, dos malfadados pescadores; os sufrimentos dos que loitan no mar e na terra, co'a vela e co'a máquina; as acedumes de todol-os homes que visten o mesmo traxe azul sufrido e probe do traballo.

¡Ouh, modestos acordeós! ¡Simpáticos acordeós! Vos non contades grandes mentiras poéticas com'a fachendosa guitarra; vos non inventades léndas pastoris com'a zanfona ou a gaita; vos non enchedes de fume a testa dos homes com'a estridulosa corneta ou os bélicos tambores. Vos sodes da vosa época; humildes, sinceiros, docemente plebeus, quizais ridiculamente plebeus; mas vos decidés da vida o que poida que a vida sexa en realidade: unha melodía vulgar, enfadoña, rasteira, diante do hoürizante limitado...

CLASICOS FRANCESES

De Alfredo de Musset (1810-1857)

TRADUCIÓN DE JOSE IREXAS ROURA

Estrelíña do seran

I

Pálida estrela do caer do día
que brilas entre os velos do serán,
dende o pazo de azur do seo dos ceos
¿qué vés na terra chá?

II

O trebon alexouse; veu o estiño;
é morno e calmo o ar;
da fraga, que aínda chora, as pingotiñas
sobre da herva cán;
por agros de verdura rescendentes
a vacaloura vai;
¿que é o que buscas na terra adormentada,
estrela do serán?

III

Pero xa cara ós montes vas baixando;
surrindo, o adiós nos dás,
—triste bagoa de prata que no manto
da noite presa está—
teu ollar sin sosego ó lonxe asexo
ó pastor no seu canso camiñar
de serra en serra a recadal-o gando;
melancónica amiga, ¿pra onde vás,
na hora do silencio, en noite inmensa?
¿Onde o acougo que buscas estará?
¿Vas nas oucas do río hachar teu leite,
ou vas, coma unha pelra, cair no mar?

IV

¡Ah si debes morrer, divina estrela
antes de nos deixar
¡párate, astro de amor, un solo instante
sin descer da outa bóveda en que estás!

TRES SONETOS

FROL DESFOLLADA

Nos eidos da ilusión vive a garrida
tecelana de ensoños feiticeiros.

Ten un tesouro dentro dos lindeiros
da sua verde terra bendecida:

Unha bermella frol que á luz da vida
comenza á abrir seus pétalos lixeiros.

Un día veu cruzar ¡-os sendeiros
un galán trovador de luz d'orida,

y-abriulle as portas do seu nobre pazo.

El penetrou, e, no currunchu augusto
onde estaba o tesouro ben gardado,

lanzando as notas d'un cantar ao espazo,
a frol bermella desfolloulle inxusto

y-o corazón deixoulle esnaquizado.

O PODER DO PECADO

É forte cal carballo da devesa,
coma neve, pra o amor, fría e seréa,
tan santa e tan devota que na aldea
lle deron en chamar Santa Teresa.

Nobre e fermosa igoal que unha princesa
que por meigos verxeles se pasea,
veuna pasar un mozo que garbea
de trunfador en toda amante empresa.

Chegouse a ela sutil y-agarimoso,
paróu, morouna, e debullolle ao ouido
un lindo madrigal, tan ben sentido

que él mesmo se pasmóu, e, valeroso,
colléndolle unha man de còr de rosa,
fixo tremar o peito da fermosa.

A PANTASMA DO CRIMEN

É de noite. Na veira d'un camiño
real, que se retorce na montana,
co-a boca desdentada, unha cabana
alenta nun cheiroso remuíño.

Unhas testas croadas de hirto espiño
en vez de cabeleira, nunha estrana
xuntanza, desenrollan unha insana
ideya sobor d'un xerro de viño.

Ao mirar para dentro da taberna
vese a soma maldita que os goberna:
fumes de alcohol que nas paredes ximen,
a sourrisa bestial do taberneiro,
e a pantasma feroz do cabaleiro
que forxa empresas de treición e crimen.

GONZALO LOPEZ ABENTE.

NOVOS ALENTOS

¡ADIANTE TODOS!

Así Dios me salve coma ó lére hoxe o antederradeiro boletín de A NOSA TERRA, chorei co-a ledicia. ¡Pois non é nada—dixen pra min—a xente que se vai xuntando pra volver pol-o noso aldraxado idioma e mais pol-os dreitos d'esta Galicia abafada muitas veces pol-os mesmos gallegos que, en canto van pra Madrid, esquécense de todo o d'a nosa terra!

O notario Diaz Ponte, o médico e catedrático Xil Casares, o doutor Porteiro, o banqueiro López Veiga, o mestre Castiñeiras Diaz e outros ilustres gallegos dises que teñen a muita honra falar o idioma qu'adeprenderon no peito de suas naiciñas, saien ¿ rueiro cò-a moca na man dispostos a defender a lingua gallega, abogando por éla en notabres artigos e facendo un chamamento ós bós patricios d'América pra que nas escolas por eles costeadas s'enseñe o primeiro idioma que se falou en León e Galicia, cando inda non se conecía o castelán, ou seia o gallego.

Todo home d'alguha cultura, sabe mui ben qu'antigamente falábase en todol-os reinos de España o latino, no que se publicaban ás cédulas reales, se facian documentos e incrúso se nos puña na coba despois o epitafio. Pois ben; non son eu quen o dí; e unha crónica de 1008 que reza así:

"El Rey D. Alfonso VI, ordenó que las cartas de compras y ventas se escriban en la lengua vulgar, y que los libros de la Biblia se traduzcan a la lengua común, usándola él asimismo en sus cédulas reales.

Desde esta data se dejó de hablar en España la lengua latina y empezó a usarse la que hablaba su monarca."

O Rey Alfonso VI era nado en Compostela e pol-o tanto, a lingua qu'il falaba era o gallego; mais si collera algunha dúbida sobre isto, sácanos ben déla o dito pol-o mesmo monarca dirixíndose os nobres d'a sua corte cando volveu d'a batalla de Uclés, donde morreu o seu fillo e herdeiro D. Sancho

"¡Ay meu fillo! ¡ay meu fillo! Alegría de mi corazón e lúme dos meus ollos, solaz da miña vellez; ¡ay meu espello en que me soya ver, e con que tomaba moy gran pracer! ¡Ay meu herdeiro mayor! Caballeros ¿hu me lo dejastes? Dádeme meu fillo, condos."

A todos ises gallegos desleigados e iñorantes que por non sabere nin siquera saben que outro rey grorioso e tamén gallego esquirbiu no noso idioma ise monumento xurídico que se chamou "As sete partidas", e as "Cantigas" gabadas pol-o mundo enteiro, hai que decirlles a todas horas o que fumos, o que por desgracia hoxe somos, e o que podemos sere si, tod-los bóos fillos nos xuntamos en apreixado feixe, loitamos pol-os dereitos d'a nosa raza e de nosa nai Galicia, de cóte aldraxada e afogada por ise centralismo qu'è a perdición de tod' España; e lles facemos vere que na terra onde foron nados Solís, Mariné, Dabán, Ferrer, Velasco e todol-os mártires subrimos de Carral, nesta Galicia que nada ten qu'envexare a ningunha nazón española nin estranxeira xa qu'eiqui tuvemos en tod-los tempos mártires, e santos e xenios a escoller, escomenza a resurxir ó máxico conxuro d'"A hirmandade da fala", o pobo nobre e sano que tomando nas suas mans o fadusco alcendido pol-os nazionalistas cataláns e vascos, alumean o camiño dreito que debemos seguir todos pra redimir a Galicia.

Con homes ó noso frente da talla de don Rodrigo Sanz, Lugris, Cabanillas, Tettamaney, Villar Ponte, Carré, Ribalta, Porteiro, Taibo, Roca e outros muitos, o trunfo será noso.

¡Adiante todos!

XAN GONZALEZ PARAMOS
(Mestre d'a música
de Puenteareas.)

A longa reseña do mitin galle guista celebrado no Ferrol, impídenos publicar n'iste número traballos muy notabres y-amenos que sairán no número que ven.

Enxebreza

(CONTO)

*Pra o quirido hirmán
e aprezado mestre, don
Manuel Lurgis Freire.*

D. Manuel de Luis era home xa entrado en anos a quen riyerenzaban e quírian n'aldea X, pol-a súa sabenza, e pol-os sanos e bós consellos que daba a quen pedirlos iba. Corpulento, fornido e dreito coma un pino, era unha bella mostra da raza céltica da que era descendente, da que tiña corpo e corazón, e a y-alma de neno; sana condizón que lle permitía sere altivo c'ós soberbos e bondadoso c'ós humildes. De crênzas democráticas, pertencía ás izquerdas, o que non lle impedía sere transixente c'ós das dereitas que tiñan as súas ideyas por unha santa relixión, e non por unha imposición doumática, porque coma dicía il, todol-os homes temos no peito un altar e no altar un ídolo, ben iste sexa Deus ou a Natureza.

Dende os tempos primitivos cada tribu e cada pobo tiveron un Deus, que era o mesmo en espírito pol-o xeito en que o adoraban, e diferente no nome; por iso nin pincan mal os que crêen en Deus, nin deixan de pincan ben os que adoran á Natureza.

D. Manuel de Luis era icoclasta, porque era crênte sin idolatría no poder evolutivo, natural e centífico da Natureza; era cristiano sin espiritualidades, porque humano e cristiano son sinónimos no fondo, pois il pincaba que as millores pregarias son a bondade, e as millores orazóns o agarimo ó próximo. Sospel-os mandamentos católicos de memoria pra non tere outra memoria de iles que pra rezal-os e non cumplil-os, e unha falsidade pr'a relixión, e unha herexia pra o ídolo. Sere ou non sere. Adourar un Deus que ten as doutrinas que lle impuxeron os que o adoran, non é adoral-o, mais ben é escarnecel-o; outro tanto do que acontecemos con Galicia.

Pois ben, iste noso enxebre D. Manoel, oubera mercado na xa dita aldea, unha esprendida e fermosa casa-quinta, a que tiña entre outras moitas cousas boas, unha gran capilla no medio do xardin; capilla qu-en sete meses que levaba il na casa, non se abriran as súas portas nin pra ben nin pra mal.

Com'á tal aldea quedaba un pouco lonxe da parroquia, xa o señor cura tendo en conta os moitos filigréses que por ali había, pedíralle a capilla a D. Manoel por duas ou tres veces pra decir misa n-ila, petizóns que trocáronse en outras tantas negativas.

Un día xuntáronse unños cantos vellos de boi aquiles arredores, e rogáronlle que deixara dicir misa na súa capilla, e non sei que clás d'elocuencia empregarian co-il os vellos, que lles dou o seu premissa e mandou chamal-o señor cura. De mais istá o decíre que iste ó ter coñecimento de tal milagre, púxose en camiño da casa de don Manoel e chegado que foi, pideu premissa pra vel-o e xa na súa presenza, dixolle:

—Doulle as gracias, D. Manoelino, doulle as gracias...

—De nada, meu amigo — contestoulle aquil —; os vellos do lugar viñeronmo a pedir, e... xa vé, concedínlles o que pidían.

—¿Tamén vosté virá?...

—Pol-o de agora irán iles. Eu tamén teño unha igrexa: a terra; eu tamén teño un altar: a ideya; eu tamén teño un ídolo: Galicia. Si non lle adico rezos, adicolle a miña vountade y-a miña enerxía, e adicaría-

lle gustoso o meu sangue e a miña vida, si percisara do un ou percisara da outra.

—Xa sei que vosté é un gran loitador da causa galega, xa sei, mais ¿sabe que teño curiosidade por saber a que obedeceu o milagre de donarnos a capilla?...

E D. Manoel de Luis, o vello loitador das rivindicazóns da terra galega, con bágoas nos ollos e carraxe na espresión, contestoulle:

—Direillo, meu amigo, direillo. Cando viñeron os vellos a pedirme a capilla, confeseinos ó meu xeito, e comprendín que sentían o que pedían. Eu coma vosté soupe. fun e son incansable loitador do ben e a prosperidade de ista nosa terra. Simentador fun que a simente que voté ate o de agora non dou froito, non sei si por non estal-a terra en condizóns ou porque a comeran os paxaros; o conto é que os meus hirmáns, siguen sin tere o paradiso qu'eu soñara pra iles... Cando os vellos viñeron a pedirme a capilla e faláronme intre outras cousas de ganar outra millor vida, groria ou paradiso sexa, sentín unha aperta moi forte no corazón e non puíden negárllela, porqu'eu señor cura, aínda que non son un crênte do xeito que son iles, pincé que co-a miña negativa cometía un crimen... Eisi chamariase, tendo en conta qu'eu co-as miñas loitas non lles puíden donar o paradiso pra iles soñado, ó negarlles os medios de que vivan co-a isperanza de atopar co-a divozón e os rezos outra millor vida espiritual ó deixar a vida material, que ben ruín e miserabre a levan de abondo... Si é isa a úneca satisfazón que an de ter n-ista vida, si é isa a panacea que lles curará os dóres da y-alma, que recen, señor cura, que recen, ahí teñen a capilla, que mentras iles eisi pecharán os ollos pr'adoito co-a surrisa nos beizos pincando no que atoparán, eu pecharéinos en troques chorando bágoas de sangue, pincando no que pra iles atopar non puíden...

RICARDO CARBALLAL.

PENEIRANDO...

Estrenouse na Cruña con moito éisito unha traxedia de Antón Rey Soto, nomeada "Amor que vence al amor".

Trunfou en xustiza pol-a mûseca dos seus fermosos versos. E unha ópera, de xeito italiano, con mûseca de ritmos poéticos.

Pol-a "teatralidá" é obra que iría á cova. Nos, logo de darlle nosa embora garimosa ó autor, preguntamos: ¿Pódese falar de teatro poético e de teatro non poético, ou "teatral"?

Non; soyo hai un teatro: o teatral.

O outro cadrará ben no libro; na escena, non.

En verso, cuáseque todo, está feito o "Hamlet".

¿Por qué vive e vivirá eternamente? Porque pesi-ó verso—non bon moitas veces—encerra n'as súas escenas a y-alma humana, aquilo que con carácter de permanencia da-se no corazón e no miolo do home.

O "Hamlet"—traxedia en verso — é mais humana que total-as comedias en prosa de todol-os Martínez Sierra habidos e por habere.

Isptide a "Amor que vence al amor" da mûseca e das imaxes poéticas, e veredel-o que resta.

Antón Rey Soto, poeta orensán e crego, foi muy agasallado na Cruña, inda por ventres da izquerda. Antón Rey Soto val moito, moito.

En Madri, finouse fai poucas datas, Ramón Godoy. Ramón Godoy era un bon poeta, de gran creto literario na corte, gallego, nado na Cruña, n'unha casa do Rego d'Auga.

..Ramón Godoy fixo fermosos versos casteláns. Foi, con Alarcón, autor da notabre obra teatral "A Tizona", estrenada con moito éisito en Zaragoza, Madri y-outras po-boaciones, o mesmo que n'América.

¿Quen non lembra aquil belo e xenial canto á espada, que publicaron, logo do estreno, algúns xornals madrileños?

Pois Godoy, finouse: nos boletíns da corte fixéronse gabanzas d'ocasión do notabre poeta gallego.

¿Ningún xornal da Cruña falou nada de Godoy!

Cantou o estrano con lingua estrana. Seus hirmáns da raza esquecéronno, ¡ouh Varela Silvari!

Supoñede que "Hamlet" é unha obra de oxe inda non estrenada, nin conecida. Supoñede que s'estrena na Cruña, dimpois de "Amor que vence al amor".

¿Quénes deixarian de chamarlle "congrío" ó autor de "Hamlet"? Catro ou cinco persoas, e votamos de longo; os mais...

En troque de "Hamlet" poñede "O Alcalde de Zalamea", ou "A vida e soño" de Calderón, ou "Fonte Ovelluna", de Lope de Vega. Pois ripitíriase o caso.

Ergo... por moi demócratas que sexamos, sementes sendo parvos, poderemos acetar os xuízos das maorías.

Xa vedes que hai que falar en gallego pra falar craro. ¡Beniá nosa fala!



NOVAS
DA
CAUSA

Na noite do día 10, deu D. Francisco Tetamancy na Academia Gallega unha intre-sante conferencia sóbor do tema: "As pelen-grinaciós dos cruzados a Compostela, as antigas rutas que seguían e á Crónica de Turpin".

Foi a conferencia de tan culto e notabre escritor, muy gabada pol-os numerosos ou-ventes.

O sábado, 18, dará unha leutura de poesías inéditas con destino a un libro, un ispiradí-simo poeta enxebre.

Axiña faremos un certáme de traballos literarios gallegos.

Logo publicaremos as condiciós pol-as que haberá de rexirse.

Temos tamén maxinadas algunhas milloras no boletín.

No xantar que se celebron en Santiago pra agasallar ó intelixente e distinto profesor de viterinaria, Sr. Gallego, fixo un brindis no noso idioma, o quirido correligionario señor Culebras.

Outro que da exemplo.

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C)

MALAGA

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas.

ANÍS DOUS MONOS

RON LA LUCÍE

OXÉN SUPERFINO

Pra encargos, na Cruña, rua do Orzán, núm. 144



Compagnie Generale Trasatlántique

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña

Para á Habana, Veracrús, Porto Rico, Santiago de Cuba, Nova Orleans, Nova York e combinación pol-o ferrocarril para calquera punto dos Estados Unidos.

Ademite pasaxeiros de primeira (varias categorías), segunda, preferencia e terceira clás e carga.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consinatario D. Nicandro Fariña.

Rúa de Compostela, esquina a praza de LUGO.

NOTAS.—Quedan sin efecto total-as tarxas de visita, pois non se deixa entrare á bordo.

Os CHOCOTATES BRANDARIZ

SON OS MELLORES

Véndense nos mellores comercios d'ultramarcos en todol-os pobos e cidades de Galicia

Enrique Brandariz e C. ^{ia}

Ronda da Coruña, 22 — LUGO

LIBREIRIA DE CARRÉ E ALDAO

Neste establecemento atópanse libros e revistas moi curiosos, antigos e modernos. Cambéanse e mércanse obras.

Rúa da Barreira, esquina a rua estreita de San Andrés.

O SALÓN PARÍS

Neste elegante e moderno cine de moda na Cruña, véñense as milloras xoyas do arte cinematográfico.

O que o visita unha vez faise concurrente a cotío.

Os "Previsores do Porvir"

SOCIEDA MODELO

ESPELLO DE PATRIOTISMO

Chegou a 40 millós de pesetas d'aforro en 12 anos.

A súa representación na Cruña, ten as oficinas no número 45-2.º, da Rúa Real.

M. MIGUEL

Afinador e compoñedor de Pianos.

Avisos: Real, 48.—CRUÑA.

VIÑOS BRANCOS E TINTOS

Riveiro: Arnoya fino.

Rioxa: Federico Paternina.

"Rioxa Ollauri" especial pra familias botella sin casco 0'55 ptas.

Pedidos: W. LOSADA

Hotel Continental.

CONTOS GALLEGOS

— DE —

Asieumedre

Pol-a cativa cantidá de dous reais podeades ter risa unha semana enteira.

Véndese na Librería de Lino.

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da "Voz de Galicia" con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Benet Fontenla, Calvo, Xil Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 CENTIMOS.—Os pedidos fáranse ó autore, no Rego d'Auga, 4-1.—CRUÑA. Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.